XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S.LAXEIRO**
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN(PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ies.laxeiro@edu.xunta.es

# ADDENDA: Adaptación ao contextoCOVID

Curso2020-21

**ÁREA.-LINGUA GALEGA**

**NIVEL.-1º ESO**

# ÍNDICE

**1º**Temmporalización......................................................................................3

**2º** Obxectivosdestaadaptación ..................................................................... 3

**3º** Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das non se impartiron nocurso2019-2020 ............................................................ 3

**4º** Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada área e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado 3

**5º** Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo cursoescolar… ........................................................................................ 3

**a)** Revisión dos obxectivos de areaoumateria ............................................. 4

**b)** Revisión dascompetenciasclave................................................................ 4

**c)** Revisióndoscontidos ..................................................................................4

**6º** Adaptacións necesarias á docencianonpresencial ..................................... 5

**a)** Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención aalumnadoencorentena ...........................................................................5

**b)** Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso desuspensión dasclasespresenciais ............................................................ 5

**c)** Procedementos e instrumentos de avaliacióndeseñados para o ensinononpresencial ...........................................................................5

**d)** Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poidaseguir aensinanzatelemática........................................................................... 6

**e)** Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do cursopoloalumnado...................................................................6

**7º** Revisión do desenvolvementodaaddenda ...................................................6

**1ºTemporalización**

Primeiro trimestre do curso2020-21.

**2º Obxectivosdestaadaptación.**

- Incorporar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como planificar a transición aoensino non presencial, se esta fosenecesaria.
- Recuperar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
- Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados a finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do cursoanterior.
- Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo oalumnado.

**3º Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que seimpartiron e das que non se impartiron no curso2019/2020.**

Dos informes individualizados do curso 2019-20 dedúcese que se traballaron a maior parte dos contidos programados a non ser algúns dos relacionados co último bloque de contidos.

**4º Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada área e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.**

Dos datos obtidos da avaliación inicial pódense constatar as seguintes carencias:

► Pouca destreza no manexo de ferramentas TIC para a presentación de traballos eproxectos.

► Nivel baixo de desenvolvemento no traballona aulavirtual.

**5º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo cursoescolar.**

*a) **Revisión dos obxectivos de área oumateria***

Os obxectivosdesta área non semodifican

*b) **Revisión das competenciasclave***

As competencias clave non semodifican

*c) **Revisión doscontidos***

Traballaranse os contidos do último bloque que quedousenimpartir integrándoos dentro dos destecurso.

## 6º Adaptacións necesarias á docencia nonpresencial

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: **telemática e mixta**

### *a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena. (modalidadeensinomixto)*

Empregarase a plataforma EDIXGAL en 1º e 2º ESO facilitada polaConsellería e a Aula Virtual e Classroom nos demaisniveispermitindo a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

- Empregaransetamén os correos electrónicos.
- Empregarasetamén a aplicación de mensaxería instantánea Hangouts de Google.
- Poderaseempregar a aplicación Meet para videoconferencias.

  Procuraremos non variar a metodoloxíanin os criterios de avaliación, coa salvedade dos medios utilizados.

### *b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clasespresenciais.*

A docencia realizarase a través da Aula Virtual e Classroomco curso creado para esta área e nivel no que está matriculado todo o alumnado. Empregarasetamén aplataformaEDIXGAL para 1º e 2º ESO que permite a programación de actividades e a avaliación individualizada de cadaalumno/a.

### *c) Procedementos e instrumentos de avaliacióndeseñados para o ensino nonpresencial.*

Serán os mesmos que os empregadosna concreción curricular de cada estándar deaprendizaxe.

***d)* Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanzatelemática.**

Do alumnado destenivel ,hai casos que non teñen acceso a internet ou non todos dispoñendun equipo axeitado para conectarse e seguir de xeito eficiente o ensino telemático. A estas familias, se a administración educativa non lles proporciona estes medios os equipos axeitados, prestarémoslles equipos do centro. e a rede buscaremos solucións a través de entidades coma Cruz Vermellaouservizos doconcello

***e)* Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso poloalumnado.**

No caso de suspensión da actividade lectiva para todo o grupo controlarase diariamente o acceso e actividade de cada alumno/a á Aula virtual e Clasroom. No caso de ter que permanecer illado parte do alumnado do grupo, controlarase diariamente o acceso ás actividades da aula EDIXGAL en 1º e 2º ESO , Clasroonou Aula Virtual dependendo do alumnado encorentena..

**7º Revisión do desenvolvemento daaddenda**

A revisión destaaddendarealizarasenaprimeiraxuntanza de coordinación do 2º trimestre e segundo o seu resultado procederase á súaactualización.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S. LAXEIRO**
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN (PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax 886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ ies.laxeiro@edu.xunta.es

# ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID

## CURSO 20-21

**ÁREA.- LINGUA GALEGA**

**NIVEL.- 2º ESO**

# ÍNDICE


**1º** Temmporalización.........................................................................................3

**2º** Obxectivos desta adaptación ................................................................... 3

**3º** Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das non se impartiron no curso 2019-2020 ........................................................ 3

**4º** Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada área e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado 3

**5º** Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar… ....................................................................................... 3

**a)** Revisión dos obxectivos de area ou materia............................................ 4

**b)** Revisión das competencias clave............................................................ 4

**c)** Revisión dos contidos .........................................................................4

**6º** Adaptacións necesarias á docencia non presencial.................................... 5

**a)** Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena .........................................................................5

**b)** Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais ................................................................ 5

**c)** Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial..............................................................................5

**d)** Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.......................................................................... 6

**e)** Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.................................................................6

**7º** Revisión do desenvolvemento da addenda..................................................6

## 1º Temporalización

Primeiro trimestre do curso 2020-21.

## 2º Obxectivos desta adaptación.

- Incorporar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como planificar a transición ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.
- Recuperar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
- Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados a finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.
- Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

## 3º Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.

Dos informes individualizados do curso 2019-20 dedúcese que se traballaron a maior parte dos contidos programados a non ser algúns dos relacionados cos seguintes bloques de contidos:

### Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar.

B1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias.
B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas.
B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

## Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

B2.4. Comprender, interpretar e sintetizar escritos do ámbito educativo do alumnado, especialmente, textos descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, e información de dicionarios e enciclopedias en distintos soportes.
B2.5. Utilizar de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.
B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios.
B2.10. Producir, a partir dun modelo, Textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.
B2.13. Usar, con progresiva autonomía, as TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos.
B2.14. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de confianza.

## 3. Funcionamento da lingua.

B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.
B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.
B3.7. Recoñecer, usar e reflexionar sobre os mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal
B3.11. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.
B3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
.

## 4. Lingua e sociedade

B 4.3. Adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega
B4.5. Recoñecer e apreciar as variantes diatópicas do galego

## 2. Educación literaria.

B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións de poemas recitados ou cantados, sinalar a temática ou temáticas abordadas e describir os valores estilísticos dos textos.
B5.5. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e apreciar os seus compoñentes e procedementos máis relevantes
B5.6. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

**4º Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada área e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.**

Dos datos obtidos da avaliación inicial pódense constatar as seguintes carencias:

► Pouca destreza no manexo de ferramentas TIC para a presentación de traballos e proxectos.

► Nivel baixo de desenvolvemento no traballo na aula virtual.

► Na ortografía a necesidade de mellorar a puntuación e a acentuación.

► En expresión escrita, elaborar textos estruturados, cun mínimo de cohesión e coherencia.

**5º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.**

***a) Revisión dos obxectivos de area ou materia***

Os obxectivos desta área non se modifican

***b) Revisión das competencias clave***

As competencias clave non se modifican

***c) Revisión dos contidos***

Traballaranse os contidos do último bloque que quedou sen impartir:

GRAMÁTICA DA LINGUA:

- A morfoloxía do verbo e as conxugacións de verbos regulares e irregulares.
- A morfoloxía do pronome persoal.
- A morfoloxía de adverbios, preposicións e conxuncións.

TIPOLOXÍA TEXTUAL:

- Textos descritivos e dialogados.

TEORÍA DA LITERATURA:

- A dramática.
- Os recursos literarios

**6º Adaptacións necesarias á docencia non presencial**

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: **telemática e mixta**

***a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena. (modalidade ensino mixto)***

Empregarase a plataforma EDIXGAL en 1º e 2º ESO facilitada pola Consellería e a Aula Virtual e/ou Classroom nos demais niveis permitindo a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

- Empregaranse tamén os correos electrónicos.
- Empregarase tamén a aplicación de mensaxería instantánea Hangouts de Google.
- Poderase empregar a aplicación Meet para videoconferencias.

  Procuraremos non variar a metodoloxía nin os criterios de avaliación, coa salvedade dos medios utilizados.

***b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.***

A docencia realizarase a través da Aula Virtual e Classroom co curso creado para esta área e nivel no que está matriculado todo o alumnado. Empregarase tamén a plataforma EDIXGAL para 1º e 2º ESO que permite a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

***c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.***

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada estándar de aprendizaxe.

***d)*** **Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.**

Do alumnado deste nivel , hai casos que non teñen acceso a internet ou non todos dispoñen dun equipo axeitado para conectarse e seguir de xeito eficiente o ensino telemático. A estas familias, se a administración educativa non lles proporciona estes medios os equipos axeitados, prestarémoslles equipos do centro. e a rede buscaremos solucións a través de entidades coma Cruz Vermella ou servizos do concello

***e)* Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.**

No caso de suspensión da actividade lectiva para todo o grupo controlarase diariamente o acceso e actividade de cada alumno/a á Aula virtual e Clasroom. No caso de ter que permanecer illado parte do alumnado do grupo, controlarase diariamente o acceso ás actividades da aula EDIXGAL en 1º e 2º ESO , Clasroon ou Aula Virtual dependendo do alumnado en corentena..

**7º Revisión do desenvolvemento da addenda**

A revisión desta addenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do 2º trimestre e segundo o seu resultado procederase á súa actualización.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S. LAXEIRO**
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN (PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax 886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ ies.laxeiro@edu.xunta.es

# ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID

Curso 2020-21

**ÁREA: LINGUA GALEGA E LITERATURA**

**NIVEL: 3º ESO.**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S. LAXEIRO**
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN (PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax 886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ ies.laxeiro@edu.xunta.es

# ÍNDICE

**1º** Temporalización………………………………………………………….…3

**2º** Obxectivos desta adaptación……………………………………………………..3

**3º** Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das non se impartiron no curso 2019-2020……………………………………… 3

**4º** Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada área e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado 3

**5º** Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar……………………………………………………………….......4

**a)** Revisión dos obxectivos de area ou materia…………………………………4

**b)** Revisión das competencias clave……………………………………………..4

**c)** Revisión dos contidos ……………………………………………………………..4

**6º** Adaptacións necesarias á docencia non presencial…………………………4

**a)** Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena……………………………………………………………5

**b)** Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais……………………………………………….5

**c)** Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial……………………………………………………………………….5

**d)** Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática……………………………………………………………… 6

**e)** Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado ………………… …6

**7º** Revisión do desenvolvemento da addenda……………………………………6

**1º Temporalización**

Primeiro trimestre do curso 2020-21.

**2º Obxectivos desta adaptación.**

- Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.
- Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

**3º Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.**

**A maior parte dos contidos e competencias foron desenvoltos no curso precedente empregando recursos alternativos aos establecidos na programación inicial. Fíxose unha avalición inicial para determinar o nivel de adquisición competencial que teñen os alumnos na área de Lingua galega. Tamén se revisaron os informes individualizados do curso 2019-20 destes alumnos, dos que se deduce que se traballaron a maior parte dos contidos programados a non ser algúns dos relacionados cos seguintes bloques de contidos:**

**Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar.**

LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.

LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.

LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas

LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.

**Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir**

LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.

**I.E.S. LAXEIRO**
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN (PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax 886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ ies.laxeiro@edu.xunta.es

LGB2.3.2. Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares.

LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares.

LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios

**Bloque 3. Funcionamento da lingua**

LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.

LGB3.8.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto.

LGB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.

**Bloque 4. Lingua e sociedade**

LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran.

LGB4.2.2. Coñece e valora os topónimos galegos.

LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo.

LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.

LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local.

LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.

LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego.

LGB4.6.4. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.

**Bloque 5. Educación literaria**

LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos.

LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.

LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos ormais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.

## 4º Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada area e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.

Dos datos obtidos da avaliación inicial pódense constatar as seguintes carencias nunha pequena porcentaxe do alumnado:

- Eivas en ortografía e necesidade de mellorar acentuación e puntuación.
- En expresión escrita, elaborar textos estruturados, cun mínimo de cohesión e coherencia.

I.E.S. LAXEIRO
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN (PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax 886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ ies.laxeiro@edu.xunta.es

Necesidade de producir textos escritos e recuperar a rutina de estudo.

Falta de autoestima persoal e, polo tanto, académica.

**5º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.**

***a)Revisión dos obxectivos de area ou materia***

Os obxectivos desta área non se modifican

***b)Revisión das competencias clave***

As competencias clave non se modifican

***c)Revisión dos contidos***

Ó longo do trimestre iranse observando as carencias e necesidades do alumnado con relación ós contidos dos distintos bloques non impartidos no curso anterior. Moitos deles serán vistos de novo no actual curso académico, polo que se incidirá e profundizará naqueles apectos que deban ser reforzados.

**6º Adaptacións necesarias á docencia non presencial**

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: **telemática e mixta**

***a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena. (modalidade ensino mixto)***

Recurrirase preferentemente a Aula Virtual de Classroom para facer o seguimento académico do alumnado en ditas circunstancias. Seguirase a empregar Sixa, Webex, Whatsapp e correo co fin de manter a comunicación permanente.

***b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.***

A docencia realizarase a través da Aula Virtual de Classroom co curso creado para esta área e nivel no que está matriculado todo o alumnado (incorporando paulatinamente a Aula Virtual facilitada pola Consellería). Empregaranse tamén Sixa, Webex ou meet para video conferencias, Whatsapp, correo e outras ferramentas dixitais.

***c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.***

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada estándar de aprendizaxe. A ponderación da nota final será a especificada para os criterios cualificación especificados na Programación. Alí están recollidos os procedementos e instrumentos de avaliación. As probas e outros instrumentos empregados de maneira presencial adaptaránse ao formato on line máis axeitado: formularios, correos, elaboración de cadernos dixitais, documentos anexos, fichas, material audiovisual…

**d) Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.**

Do alumnado deste nivel , algún rapaz non dispón dun equipo axeitado para conectarse e seguir de xeito eficiente o ensino telemático . A estas familias, se a administración educativa non lles proporciona estes medios os equipos axeitados, prestarémoslles equipos do centro e a rede buscaremos solución a través de entidades como a Cruz Vermella ou servizos do concello.

**e) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.**

I.E.S. LAXEIRO
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN (PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax 886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ ies.laxeiro@edu.xunta.es

No caso de suspensión da actividade lectiva para todo o grupo, controlarase diariamente o acceso e traballo de cada alumno/a na Aula virtual de Classroom. A comunicación co alumnado e co resto dos docentes será continua empregando todas as canles (mensaxes en dita plataforma, Sixa, videoconferencias, móbil, correo …) e elaboraranse informes individualizados para que o seguimiento sexa operativo e o titor poida levar un control das tarefas realizadas.

No caso de ser necesario, poderanse programar videoconferencias individualizadas como reforzo académico ou de apoio emocional no caso de ser preciso.

**7º Revisión do desenvolvemento da addenda**

A revisión desta adenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do Dpto no 2º trimestre e segundo o seu resultado e o desenvolvemento das circunstancias sanitarias procederase á súa actualización.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S. LAXEIRO**
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN (PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax 886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email: ies.laxeiro@edu.xunta.es

# ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID

Curso 2020-21

**ÁREA: LINGUA E LITERATURA GALEGA**

**NIVEL: 4º ESO.**

**I.E.S. LAXEIRO**
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN (PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax 886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email:ies.laxeiro@edu.xunta.es

# ÍNDICE

**1º** Temporalización…………………………………………………………….…3

**2º** Obxectivos desta adaptación……………………………………………………..3

**3º** Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das non se impartiron no curso 2019-2020……………………………………… 3

**4º** Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada área e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado 3

**5º** Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar………………………………………………………………......4

**a)** Revisión dos obxectivos de area ou materia…………………………………

**b)** Revisión das competencias clave……………………………………………..

**c)** Revisión dos contidos ………………………………………………………..

**6º** Adaptacións necesarias á docencia non presencial…………………………4

**a)** Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena……………………………………………………………5

**b)** Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais……………………………………………….5

**c)** Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial………………………………………………………………………5

**d)** Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática………………………………………………………… 6

**e)** Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado ………………… …6

**7º** Revisión do desenvolvemento da addenda……………………………………6

**1º Temporalización**

Primeiro trimestre do curso 2020-21.

**2º Obxectivos desta adaptación.**

- Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados a finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.
- Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

**3º Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.**

Despois de revisar a adaptación realizada en 3º de ESO o curso pasado e de realizar unha avaliación incial apara determinar a materia non vista e a adquisición competencial, concluíuse que o curso pasado se impartiron a maior parte dos contidos. Aqueles que non foron abordados serían os que correspondería impartir no último trimestre. Estes son:

- Historia da literatura.

O Rexurdimento. Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Edurardo Pondal. Realizarase unha aproximación a esta época literaria que servirá para introducir a literatura do século XX. (1º trimestre)

- Funcionamento da lingua.

O verbo. Todo o referido aos complementos que poden formar parde do SV. (Desenvolveranse ao longo do 2º e/ou 3º trimestre)

**4º Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada area e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.**

Dos datos obtidos da avaliación inicial pódense constatar as seguintes carencias:

- Deficiencias ortográficas básicas.
- Acervo lingüístico poco desenvolto: pobreza de vocabulario
- Dificultades relacionadas coa expresión escrita que se localizan, na súa maior parte, na ausencia de cohesión, coherencia e adecuación nos textos de elaboración propia.

**5º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.**

***a)Revisión dos obxectivos de area ou materia***

Os obxectivos desta área non se modifican

***b)Revisión das competencias clave***

As competencias clave non se modifican

***c)Revisión dos contidos***

Incluíranse este curso as aprendizaxes non impartidas que xa foron mencionadas no apartado 3.

**6º Adaptacións necesarias á docencia non presencial**

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: **telemática e mixta**

***a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena. (modalidade ensino mixto)***

Empregarase a Aula Virtual de Classroom, a aula virtual do centro e o correo electrónico para realizar o seguimento académico do alumnado nestas circunstancias.

***b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.***

A docencia realizarase a través da Aula Virtual de Classroom ou da aula virtual do centro co curso creado para esta área e nivel no que está matriculado todo o alumnado.

***c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.***

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada estándar de aprendizaxe. A ponderación da nota final será a especificada para os criterios de cualificación especificados na Programación. Alí están recollidos os procedementos e instrumentos de avaliación. As probas e outros instrumentos empregados de maneira presencial adaptaránse ao formato on line máis axeitado: formularios, correos, documentos anexos, actividades interactivas...

**d) Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.**

Do alumnado deste nivel , hai casos que non teñen acceso a internet ou non todos dispoñen dun equipo axeitado para conectarse e seguir de

**I.E.S. LAXEIRO**
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN (PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax 886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email: ies.laxeiro@edu.xunta.es

xeito eficiente o ensino telemático. A estas familias, se a administración educativa non lles proporciona estes medios os equipos axeitados, prestarémoslles equipos do centro. Sobre o tema da conexión á rede buscaremos solucións a través de entidades coma Cruz Vermella ou servizos do Concello.

**e) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.**

No caso de suspensión da actividade lectiva para todo o grupo controlarase diariamente o acceso e actividade de cada alumno/a á Aula virtual de Clasroom. Estas plataformas permiten o control de acceso dos usuarios. No caso de ser necesario poderase programar clases individualizadas de seguimento sempre en casos extraordinarios (p.e libros de lectura opcional, alumnos con NNEE…)

**7º Revisión do desenvolvemento da addenda**

A revisión desta addenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do Dpto no 2º trimestre e segundo o seu resultado e o desenvolvemento das circunstancias sanitarias procederase á súa actualización.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S. LAXEIRO**
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN (PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax 886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ ies.laxeiro@edu.xunta.es

# ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID

## Curso 2020-21

**ÁREA: LINGUA GALEGA E LITERATURA.**

**NIVEL: 1º BACHARELATO.**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S. LAXEIRO**
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN (PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax 886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ ies.laxeiro@edu.xunta.es

# ÍNDICE

**1º** Temporalización…………………………………………………………….…3

**2º** Obxectivos desta adaptación…………………………………………………..3

**3º** Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das non se impartiron no curso 2019-2020……………………………………… 3

**4º** Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada área e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado 3

**5º** Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar………………………………………………………………….......4

**a)** Revisión dos obxectivos de area ou materia…………………………………4

**b)** Revisión das competencias clave……………………………………………..4

**c)** Revisión dos contidos ………………………………………………………..4

**6º** Adaptacións necesarias á docencia non presencial…………………………4

**a)** Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena…………………………………………………………5

**b)** Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais……………………………………………….5

**c)** Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial……………………………………………………………………5

**d)** Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática…………………………………………………………… 6

**e)** Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado ………………… …6

**7º** Revisión do desenvolvemento da addenda…………………………………….6

I.E.S. LAXEIRO
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN (PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax 886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ ies.laxeiro@edu.xunta.es

**1º Temporalización**

Primeiro trimestre do curso 2020-21.

**2º Obxectivos desta adaptación.**

- Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados a finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.
- Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

**3º Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.**

Dado que 1º de Bacherelato é un curso inicial de etapa non é necesario reflectir os contidos e competencias non desenvoltos no curso precedente. Fíxose unha avalición inicial para determinar o nivel de adquisición competencial que teñen os alumnos na área de Lingua galega. Tamén se revisararon os informes individualizados do curso 2019-20 destes alumnos.

**4º Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada area e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.**

Dos datos obtidos da avaliación inicial pódense constatar as seguintes carencias:

Necesidade de producir textos escritos e recuperar a rutina de estudo.

Nalgúns casos, falla de autoestima persoal e, polo tanto, académica.

**5º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.**

***a)Revisión dos obxectivos de area ou materia***

Os obxectivos desta área non se modifican

***b)Revisión das competencias clave***

As competencias clave non se modifican

***c)Revisión dos contidos***

Como se indicou no punto 3, ó ser cambio de etapa non se contempla recuperar os contidos que quedaron sen impartir no curso anterior.Con todo, como ó longo do actual curso se van ver contidos de anos anteriores, estes integraranse paulatinamente e profundizarase neles para mellorar as posibles carencias que poida ter o alumnado.

**6º Adaptacións necesarias á docencia non presencial**

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: **telemática e mixta**

***a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena. (modalidade ensino mixto)***

Recurrirase preferentemente a Aula Virtual de Classroom para facer o seguimento académico do alumnado en ditas circunstancias. Seguirase a empregar Sixa, Webex, Whatsapp e correo co fin de manter a comunicación permanente.

***b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.***

A docencia realizarase a través da Aula Virtual de Classroom co curso creado para esta área e nivel no que está matriculado todo o alumnado (incorporando paulatinamente a Aula Virtual facilitada pola Consellería). Empregaranse tamén Sixa, Webex, Whatsapp, correo e outras ferramentas dixitais.

***c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.***

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada estándar de aprendizaxe. A ponderación da nota final será a especificada para os criterios cualificación especificados na Programación. Alí están recollidos os procedementos e instrumentos de avaliación. As probas e outros instrumentos empregados de maneira presencial adaptaránse ao formato on line máis axeitado: formularios, correos, elaboración de cadernos dixitais, documentos anexos, fichas, material audiovisual…

**d) Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.**

Do alumnado deste nivel , algún rapaz non dispón dun equipo axeitado para conectarse e seguir de xeito eficiente o ensino telemático . A estas familias, se a administración educativa non lles proporciona estes medios os equipos axeitados, prestarémoslles equipos do centro.

**e) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.**

No caso de suspensión da actividade lectiva para todo o grupo, controlarase diariamente o acceso e traballo de cada alumno/a na Aula virtual de Classroom. A comunicación co alumnado e co resto dos docentes será continua empregando tómalas canles (mensaxes en dita plataforma, Sixa, videoconferencias, móbil, correo …) e elaboraranse informes indivi-

I.E.S. LAXEIRO
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN (PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax 886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ ies.laxeiro@edu.xunta.es

dualizados para que o seguimiento sexa operativo e o titor poda levar un control das tarefas realizadas.

No caso de ser necesario, poderanse programar videoconferencias individualizadas como reforzo académico ou de apoio emocional no caso de ser preciso.

### 7º Revisión do desenvolvemento da addenda

A revisión desta adenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do Dpto no 2º trimestre e segundo o seu resultado e o desenvolvemento das circunstancias sanitarias procederase á súa actualización.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S. LAXEIRO
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN (PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940 – Fax 886151953
http:/edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ ies.laxeiro@edu.xunta.es

# ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID.

------------------------------------

## Curso 2020-21

**MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA**

**NIVEL: 2º DE BACHARELATO.**

**I.E.S. LAXEIRO**
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN (PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940 – Fax 886151953
http:/edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ ies.laxeiro@edu.xunta.es

ÍNDICE

1. Temporalización……………………………………………………………………………………………………………………

2. Obxectivos desta adaptación………………………………………………………………………………………………………….

3. Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019-2020……………………………………………………………………………………………………………. ……………………..

4. Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado…………………………………………………………………………………………………………………….

5. Incorporación das aprendizaxes non adquiridas á programación do novo curso escolar ……………………....
Revisión dos contidos…………………………………………………………………………………………………………………..

6. Adaptacións necesarias á docencia non presencial……………………………………………………………………………
a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena…………………
b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais…
c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial………………………..
d) Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática……
e) Mecanismos a adoptar para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado……………………….

7º Revisión do desenvolvemento da addenda……………………………………………………………………………………………

**I.E.S. LAXEIRO**
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN (PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940 – Fax 886151953
http:/edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ ies.laxeiro@edu.xunta.es

**1. Temporalización.**

As 4 primeiras sesión de clase revisaremos os autores máis salientables da literatura do s.XIX , que se viron moi de pasada o curso pasado por mor da Covid (Rosalía, Curros e Pondal) e dos que consideramos necesario ter uns coñecementos básicos polo que supoñen na literatura galega e mais porque inflúen de maneira clara en numerosos autores do século XX.

No referente aos contidos gramaticais non impartidos o curso pasado, o que faremos será observar os coñecementos previos do alumnado sobre eses temas e repasalos a partir diso, o que se fará ao longo do curso.

A partir de aí, e dado que en 2º de bac o temario é extenso, o tempo para impartilo pouco e terán que facer as ABAU, o alumnado con dificultades será reforzado con exercicios que deberá facer na casa.

**2.Obxectivos desta adaptación.**

- Incorporar e recuperar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como planificar a transición ao ensino non presencial, por se isto se producise.

- Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2019/2020 e dunha avaliación dos coñecementos previos, os elementos curriculares esenciais do curso anterior.

- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

**3.Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.**

Dos informes individualizados do curso 2019-20 dedúcese que se traballaron todos os contidos programados para a 1ª e 2ª avaliacións e unha parte dos da 3ª avaliación de xeito telemático, aínda que estes últimos non foron avaliados . En todo caso, os estándares de 1º bac. que foron pouco traballados e repasaremos en 2º son os seguintes:

LGB3.6.1. Identifica e explica os usos e valores dos verbos e das perífrases e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.

LGB3.8.1. Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes

LGB4.7.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) así como a súa situación sociolingüística

LGB4.7.3. Analiza a repercusión da etapa de nacemento do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) no desenvolvemento posterior da lingua

LGB5.7.1. Identifica, analiza e describe a literatura do Rexurdimento: contextualiza sociohistórica e sociolingüisticamente a produción do prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais deste período.

**4.Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada área e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.**

Dos datos obtidos dun par de probas de coñecementos previos, pódense constatar as seguintes carencias:

- Escaso coñecemento da obra dos principais autores da literatura galega do s.XIX.

-Nivel baixo nalgunhas cuestión gramaticais.

-Problemas de coherencia e cohesión na elaboración de textos escritos.

-Numerosas faltas de ortografía en moitos alumnos.

**5. Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.**

a)Revisión dos obxectivos da materia: En 2º de bacharelato e coas ABAU por diante non podemos modificar os obxectivos desta materia.

b)Revisión dos contidos: Como xa dixemos, traballaranse os contidos do último trimestre do curso pasado que quedaron sen impartir integrándoos dentro dos deste curso, agás no caso da literatura que se verá ao principio de curso en só 3 sesións para que nos dea tempo de dar toda a programación de 2º, necesaria para as ABAU.

**6. Adaptacións necesarias á docencia non presencial.**

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: telemática e mixta.

a) **Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena. (Modalidade ensino mixto).**
   Empregarase a Aula Virtual e Classroom, e a través destas plataformas programaranse actividades, aclararanse dúbidas e realizarase a avaliación individualizada de cada alumno/a se fose necesario.

b) **Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais**.
   A docencia realizarase a través da Aula Virtual e webex co curso creado para esta materia e nivel no que está matriculado todo o alumnado. Se houbese dificultades de conexión utilizaríamos classroom e meet.

c) **Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.**

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada estándar de aprendizaxe para o ensino presencial, modificando só a avaliación da oralidade que se fará a través de pequenos vídeos que realizará e enviará o alumnado.

**d) Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.**

Do alumnado deste nivel hai poucos casos que non teñan acceso a internet, pero non todos dispoñen dun equipo axeitado para conectarse e seguir de xeito eficiente o ensino telemático. A estas familias, se a administración educativa non lles proporciona estes medios os equipos axeitados, prestarémoslles equipos do centro. E a rede buscaremos solucións a través de entidades coma Cruz Vermella ou servizos do concello.

**e) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.**

No caso de suspensión da actividade lectiva ou de que un alumno/a deba permanecer confinado por mor dun positivo covid, controlarase diariamente o acceso e actividade de cada alumno/a á Aula virtual e poñeranse faltas de asistencia.

**7º Revisión do desenvolvemento da addenda**

A revisión desta addenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do 2º trimestre e segundo o seu resultado procederase á súa actualización.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S. LAXEIRO**
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN (PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax 886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ ies.laxeiro@edu.xunta.es

# ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID

Curso 2020-21

**ÁREA.-** **LINGUA GALEGA**

NIVEL.- ESA (NIVEL II, MÓDULOS 3 E 4)

**I.E.S. LAXEIRO**
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN (PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax 886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ ies.laxeiro@edu.xunta.es

# ÍNDICE

**1º** Temporalización ........................................................................................ 3

**2º** Obxectivos desta adaptación ......................................................................... 3

**3º** Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das non se impartiron no curso 2019-2020 ........................................................ 3

**4º** Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada área e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado 3

**5º** Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar… ........................................................................................ 3

**a)** Revisión dos obxectivos de area ou materia............................................. 4

**b)** Revisión das competencias clave............................................................. 4

**c)** Revisión dos contidos........................................................................... 4

**6º** Adaptacións necesarias á docencia non presencial.................................... 5

**a)** Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena ........................................................................ 5

**b)** Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais ............................................................... 5

**c)** Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial........................................................................................ 5

**d)** Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática........................................................................... 6

**e)** Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.................................................................. 6

**7º** Revisión do desenvolvemento da addenda.................................................. 6

**1º Temporalización**

Primeiro trimestre do curso 2020-21.

**2º Obxectivos desta adaptación.**

- Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado nos tres escenarios posibles: .

**3º Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.**

Xa que non hai cambio de ciclo, a análise das aprendizaxes imprescindibles adquirida será feita en xeral, non referido en exclusividade ao curso 2019/2020.

**4º Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada área e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.**

Dos datos obtidos da avaliación inicial pódense constatar as seguintes carencias:

► Pouca destreza no manexo de ferramentas TIC para a presentación de traballos e proxectos.

► Na ortografía a necesidade de mellorar a puntuación e a acentuación.

► En expresión escrita, elaborar textos estruturados, cun mínimo de cohesión e coherencia.

**5º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.**

Como xa indicamos con anterioridade tratándose dunha nova etapa non se terán en conta as aprendizaxes non adquiridas no curso anterior, senón aquelas carencias xerais do alumnado.

**6º Adaptacións necesarias á docencia non presencial**

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: **telemática e mixta**

***a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena. (modalidade ensino mixto)***

Empregarase a plataforma EDIXGAL en 1º e 2º ESO facilitada pola Consellería e a Aula Virtual e/ou Classroom nos demais niveis permitindo a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

- Empregaranse tamén os correos electrónicos especialmente para a entrega de traballos.
- Poderase empregar a aplicación Meet para videoconferencias.
- Procuraremos non variar a metodoloxía nin os criterios de avaliación, coa salvedade dos medios utilizados.

***b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.***

A docencia realizarase a través da Aula Virtual e Classroom co curso creado para esta área e nivel no que está matriculado todo o alumnado. Empregarase tamén a plataforma EDIXGAL para 1º e 2º ESO que permite a programación de actividades e a avaliación individualizada de

cada alumno/a.

***c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.***

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada estándar de aprendizaxe.

***d)* Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.**

Do alumnado deste nivel , hai casos que non teñen acceso a internet ou non todos dispoñen dun equipo axeitado para conectarse e seguir de xeito eficiente o ensino telemático. A estas familias, se a administración educativa non lles proporciona estes medios os equipos axeitados, prestarémoslles equipos do centro. e a rede buscaremos solucións a través de entidades coma Cruz Vermella ou servizos do concello

***e)* Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.**

No caso de suspensión da actividade lectiva para todo o grupo controlarase diariamente o acceso e actividade de cada alumno/a á Aula virtual e Clasroom. No caso de ter que permanecer illado parte do alumnado do grupo, controlarase diariamente o acceso ás actividades da aula EDIXGAL en 1º e 2º ESO , Clasroon ou Aula Virtual dependendo do alumnado en corentena..

**7º Revisión do desenvolvemento da addenda**

A revisión desta addenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do 2º trimestre e segundo o seu resultado procederase á súa actualización.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S.LAXEIRO**
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN(PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ies.laxeiro@edu.xunta.es

# ADDENDA: Adaptación ao contextoCOVID

Curso2020-21

**ÁREA.-** **IGUALDADE DE XÉNERO**

**NIVEL.-2º ESO**

**1º Obxectivos desta adaptación.**

- Planificar a transición ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

**2º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.**

a) ***Revisión dos obxectivos de área ou materia***

Os obxectivos desta área non se modifican

b) ***Revisión das competencias clave***

As competencias clave non se modifican

**3º Adaptacións necesarias á docencia non presencial**

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: **telemática e mixta**

***a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena. (modalidade ensino mixto)***

Empregarase o Classroom permitindo a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

- Empregaranse tamén os correos electrónicos.
- Empregarase tamén a aplicación de mensaxería instantánea Hangouts de Google.
- Poderase empregar a aplicación Meet para videoconferencias.

Procuraremos non variar a metodoloxía nin os criterios de avaliación, coa salvedade dos medios utilizados.

***b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.***

A docencia realizarase a través de Classroom co curso creado para esta área e nivel no que está matriculado todo o alumnado.

***c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.***

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada estándar de aprendizaxe.

***d)* Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non**

**poida seguir a ensinanza telemática.**

O alumnado deste nivel dispón de recursos telématicos para seguir as aulas nas súas casas.

***e)* Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.**

No caso de suspensión da actividade lectiva para todo o grupo controlarase diariamente o acceso e actividade de cada alumno/a ao Clasroom. No caso de ter que permanecer illado parte do alumnado do grupo, controlarase diariamente o acceso ás actividades da aula, Clasroon dependendo do alumnado en corentena..

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S.LAXEIRO
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN(PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ies.laxeiro@edu.xunta.es

# ADDENDA: Adaptación ao contextoCOVID

## Curso2020-21

**ÁREA.-** **LITERATURA UNIVERSAL**

**NIVEL.-1º BACHARELATO**

**I.E.S.LAXEIRO**
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN(PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ies.laxeiro@edu.xunta.es

**1º Obxectivos desta adaptación.**

- Planificar a transición ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.
- Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

**2º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.**

a) ***Revisión dos obxectivos de área ou materia***

Os obxectivos desta área non se modifican

b) ***Revisión das competencias clave***

As competencias clave non se modifican

I.E.S.LAXEIRO
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN(PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ies.laxeiro@edu.xunta.es

**3º Adaptacións necesarias á docencia non presencial**

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: **telemática e mixta**

***a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena. (modalidade ensino mixto)***

Empregarase o Classroom permitindo a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

- Empregaranse tamén os correos electrónicos.
- Empregarase tamén a aplicación de mensaxería instantánea Hangouts de Google.
- Poderase empregar a aplicación Meet para videoconferencias.

  Procuraremos non variar a metodoloxía nin os criterios de avaliación, coa salvedade dos medios utilizados.

***b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.***

A docencia realizarase a través de Classroom co curso creado para esta área e nivel no que está matriculado todo o alumnado.

***c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.***

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada estándar de aprendizaxe.

***d)* Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non**

**poida seguir a ensinanza telemática.**

O alumnado deste nivel dispón de recursos telématicos para seguir as aulas nas súas casas.

**I.E.S.LAXEIRO**
Av. Bos Aires nº 71 - 36500
LALIN(PONTEVEDRA).
Telf.: 886151940– Fax886151953
https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro
email→ies.laxeiro@edu.xunta.es

***e)* Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.**

No caso de suspensión da actividade lectiva para todo o grupo controlarase diariamente o acceso e actividade de cada alumno/a ao Clasroom. No caso de ter que permanecer illado parte do alumnado do grupo, controlarase diariamente o acceso ás actividades da aula, Clasroon dependendo do alumnado en corentena..